



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada sobre xestión de expropiacións

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	5
ADMINISTRACIÓN:	AU LO CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2001
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A expropiación é unha das figuras xurídicas máis impopulares que existen nos distintos ordenamentos xurídicos, pero, ó mesmo tempo e en determinadas situacións, a única posibilidade coa que contan as diferentes administracións para logra-los seus fins.

Isto comporta que a súa xestión sexa complicada desde o punto de vista puramente persoal, ó intentar compaxinar intereses diversos e contrapostos, o que unido ó aínda máis complexo sistema que hai que seguir para conseguilo fin, dea como resultado un lento e tedioso proceso non exento de innumerables situacións de difícil e nada rápida solución.

A xornada convocada ten por finalidade acouta-lo panorama regulatorio da expropiación, centra-lo seu estudio no marco urbanístico estatal e autonómico galego e desvelar e aclara-los intrincados pasos que deben seguirse nunha expropiación tipo, facendo fincapé naqueles puntos considerados de maior interese, e pechar esta co estudio práctico dun caso real expropiatorio.

DESTINATARIOS

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- Incidencia da STS 61/97 no vixente réxime xurídico de expropiacións. A expropiación forzosa na lexislación autonómica galega.
- Réxime xurídico do beneficiario da expropiación.
- O dereito de reversión. Réxime xurídico do sistema de actuación por expropiación.
- A inscrición no rexistro da propiedade das expropiacións forzosas.
- Estudio práctico dun expediente de expropiación forzosa (I e II).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS**SANTIAGO**

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/03/2001 a 14/03/2001

NUM. PRAZAS: 312

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de actos da EGAP. Santiago de Compostela